

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

0Eâĭ ÈÈËËFËÈÈĭ

Ò| [âĭ ÈËË€Ë



A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 11 de abril de 2019, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

46876 (10/CPC-000099)

Da Sra. xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (Acis), por petición propia, para informar sobre as actuacións de Acis durante o ano 2018 e o plan de actuación para o ano 2019

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019

Punto 2. Preguntas

2.1 44408 (10/POC-007107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre as medidas concretas de atención ás vítimas de violencia de xénero que se están a levar a cabo a través de convenios con colectivos profesionais e a valoración da Xunta de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

2.2 46218 (10/POC-007366)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas ou xestións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co desabastecemento e dificultades de subministración de determinados medicamentos ás oficinas de farmacia, así como a solución que está a valorar ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019

2.3 47357 (10/POC-007525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións e medidas previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa



Bosch en Vigo, así como as súas intencións respecto da realización dalgún estudo referido á situación do sector do telemárketing en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

- 2.4 47486 (10/POC-007547)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos da sinistralidade laboral feminina en Galicia no ano 2018, así como o plan de traballo que está a desenvolver o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral ao respecto no ano 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 04/04/2019 16:48:22



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/04/2019 17:04:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/04/2019 17:04:42
Nº Rexistro: 14973
Data envío: 04/04/2019 17:04:42.245

CSV: REXISTROna20fHEf8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



UÓQNOØ S OÉO R ÓR ÑUŠÚ OÉO COMIŠIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

TŠU ŠU OÉO NQONÑñ ÚOON

Mesa

T[à] æ\ ă	
Râ[ă Râ[ă U æ[ă: à, E { U æ[ă: à,	T
Ù-àà{ [à] æ\ ă	
R-â[ă àă\ ààăÙàææ Ô-â[ă à{ă	T
Úàă[ăă[ă-ă	
Râ[ă R \] à[[ă T[ăæ O [à]	ÑSÖ

Vogais

Râ[ă Ó äâ[\ ää-x\ Nb-â OĒă,	T
S àæ Ñæ\ ä U æ[ă: à,	Ú
Râ[ă ç\ ààæ] Ôâ[ă[ă R[ă: à,	T
Ni [àă- Nă\] S, çà, Oà\ ă\	T
Râ[ă U æ[ă: à, N[ă]	T
Râ[ă Ú [ăçă Úâă [† T [[ăă	T
Ó-â Ú æ Ôâ[\ ²\ æ,	ÓR
Õ æ Ú [[ăæ P \ ăæ	Ú
Tâ[ă ũ Ú², } à, Úà[ă]	ÓR

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.04.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.04.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 46876(10/CPC-000099)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en
Saúde (Acis), por petición propia, para informar sobre as
actuacións de Acis durante o ano 2018 e o plan de actuación
para o ano 2019



Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego- da xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), para informar sobre **“as actuacións de Acis durante o ano 2018 e o plan de actuación para o ano 2019”**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA SENOGRANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Data e hora: 25/02/2019 14:46:51

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: 86GJPMUJ00
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



 Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.04.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.04.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.1 44408(10/POC-007107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre as medidas concretas de atención ás vítimas de violencia de xénero que se están a levar a cabo a través de convenios con colectivos profesionais e a valoración da Xunta de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado ano os xulgados de violencia de xénero recibiron 5.683 denuncias amosando un incremento dun 9% con respecto o ano anterior segundo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Seguimos a ser unha das Comunidades Autónomas ca taxa de violencia de xénero máis baixa de toda España 36,23 persoas fronte a 56,70 do conxunto do país. A pesares disto queda moito por facer. O aumento no número de denuncias implica que o traballo de prevención, sensibilización e atención van facendo o seu labor, a labor de non calar ante o maltrato.

Coa lexislación, o labor do goberno da Xunta de Galicia, os programas, os proxectos, as actividades das ONGs e da poboación en xeral queremos facer que os datos poidan ser cada vez mellores e acadar a erradicación da violencia machista. Somos conscientes que é unha petición de máximos, pero ese é o fin a acadar.

Diferentes entidades públicas e privadas suman esforzos dun xeito transversal co goberno nesta finalidade. A través de diferentes recursos e dispositivos, a Xunta de Galicia implícase co Colexio Oficial de Psicólogos, co Colexio da Avogacía ou co sector do taxi entre outros para dar uns servizos específicos e especializados.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as medidas concretas de atención ás vítimas de violencia de xénero que se están a levar a cabo a través de convenios con colectivos profesionais?
2. Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia deste traballo conxunto como medida de protección e asistencia contra a violencia machista?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44408
Data envío: 23/01/2019 14:35:28.604**

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 23/01/2019 14:32:58

Paula Prado Del Río na data 23/01/2019 14:33:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/01/2019 14:33:34

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/01/2019 14:33:42

Marta Rodriguez Arias na data 23/01/2019 14:33:50

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 23/01/2019 14:34:02

María Soraya Salorio Porral na data 23/01/2019 14:34:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/01/2019 14:34:35



CSV: REXISTRO-5hc0bVnQGq-6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com**

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.04.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.2 46218(10/POC-007366)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas ou xestións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co desabastecemento e dificultades de subministración de determinados medicamentos ás oficinas de farmacia, así como a solución que está a valorar ao respecto

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

Colexios farmacéuticos e profesionais están a informar dunha situación de falta de abastecemento de determinados medicamentos nas farmacias galegas. Existen en Galicia alo menos 50 medicamentos con dificultades de subministro que se agravan cada día.

En moitos casos son medicamentos esenciais para o tratamento de enfermidades como pode ser o caso do Adiro, que é receitado para persoas que sufriron un infarto de miocardio ou unha anxina de peito coa finalidade de evitar trombos, os ansiolíticos e depresivos ou outros de uso moi habitual como o ibuprofeno.

Informan dende os Colexios profesionais que o protocolo que están a seguir é a substitución por un equivalente e no caso de que non exista posibilidade remiten aos profesionais de medicina para que determinen a posibilidade de cambiar o tratamento. Neste sentido, denuncian tamén como esta situación pode afectar a persoas maiores ou polimedicadas, nas que o cambio de medicamento ou tratamento pode levar a confusión.

Esta situación, apunta a un problema en relación ao prezo na adquisición dos medicamentos, existindo laboratorios que ofertan moi á baixa e que despois non garante o subministro e outros que prefiren vender os medicamentos a outros países que os pagan máis caros. O que apunta a que orixe do problema é a lóxica mercantilista na que se moven moitos dos laboratorios farmacéuticos.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 13:11:12
Nº Registro: 46218
Data envío: 13/02/2019 13:11:12.363



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Dende cando ten o Goberno coñecemento desta situación?
- Que medidas ou xestións ten realizado o Goberno galego en relación a este problema?
- Cal é a solución que se plantexa dende o Goberno para evitar que as persoas se vexan nunha situación de falta de medicamentos?
- Estuda o Goberno a necesidade de investir dende o público para a elaboración de fármacos?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/02/2019 13:04:06



CSX REGISTRO-AsRL6Y4M-4

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.04.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.3 47357(10/POC-007525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións e medidas previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa Bosch en Vigo, así como as súas intencións respecto da realización dalgún estudo referido á situación do sector do telemárketing en Galicia

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:57:15
Nº Rexistro: 47357
Data envío: 06/03/2019 12:57:15.195

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar diante do ERTE da empresa Bosch en Vigo que afecta a máis de 600 traballadores/as.

A empresa Bosch Service Solutions do sector de centros de chamadas está ubicada en Vigo desde o ano 2003, ten un cadro de persoal de 1683 traballadores e traballadoras, maioritariamente feminino (60%), sendo nun 55% persoal indefinido. O resto son contratacións por obra e contratos de formación, o 3%. Ao cadro de persoal hai que engadir unhas 350 persoas contratadas a través de Empresas de Tránsito Temporal.

Esta contratación por ETT non fai máis que contribuír a precarizar un sector xa de por si precario, a media da xornada en Bosch é parcial de 35 horas, cun salario bruto mensual medio de 900€ ao mes. O contrato estándar é por obra e servizo, que permite despedir por diminución de volume na obra e só garante que o 50% do persoal sexa indefinido, sen ter en conta neste porcentaxe as contratacións por ETT que fagan as empresas. Cabe destacar que estamos nun sector non temporal, a media de antigüidade do persoal de Bosch é superior aos 6 anos.

O 60% do cadro de persoal de Bosch traballa para proxectos de Vodafone, principalmente en 3 servizos: Soporte Técnico, Provisión (xestión de altas) e

CSM-VX-MV-7F1RK2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:57:15
Nº Rexistro: 47357
Data envío: 06/03/2019 12:57:15.196

Reclamacións. Un 30% traballa para servizos de Orange e o resto noutros servizos: Junkers, Repsol- Viesgo, Leaseplan...


A redución de carga de traballo por parte de Vodafone, motivada pola deslocalización de parte dos servizos a Colombia e Exipto, e a presentación dun ERE por parte desta empresa, provoca que se despidan, até o mes de marzo, a 200 persoas de ETT que traballaban nestes servizos.

Para o persoal de plantilla a empresa presenta un ERTE ata o 31 de xullo que afectará, finalmente, a unhas 600 persoas con suspensións de entre 10 días ata dous meses, dependendo do servizo e das tarefas que realicen.

En ningún momento por parte da empresa se intentou minimizar o impacto nin as consecuencias da medida, tanto no número de persoal afectado como en termos económicos. Tanto é así que tendo a empresa 98 vacantes no centro de Vigo para servizos distintos de Vodafone négase a recolocar ao persoal indefinido afectado polo ERTE alegando que non consideran que cumpre o perfil apropiado, iniciando incluso campañas de contratación para persoal externo.

A empresa pechou o período de consultas sen informar @s traballadores/as de cal era a situación real, sen previsións certas, sen concrecións, sen documentación completa e correcta... pretendendo que todas as repercusións sexan a costa d@s traballadores/as.

É unha evidencia que a decisión dos gobernos españois de liberalizar o sector das telecomunicacións para facilitar o negocio do capital, e pasar de ser un servizo público a considerarse un servizo de interese xeral, ten modificado profundamente este sector fundamentalmente en cuestións como: o abandono e deterioro do servizo



CSA XAMTF R1C2

Verificación:

<https://secto.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:57:15
Nº Rexistro: 47357
Data envío: 06/03/2019 12:57:15.196

naqueles territorios que non son economicamente rendíbeis; o conseguinte incremento da “fenda dixital” e a baixa calidade do servizo, a destrución de emprego e a precariedade das condicións de traballo.

É unha constatación que o deseño, a dirección, a organización e a planificación da actividade das telecomunicacións realízanse cada vez máis afastadas do noso país, e ten como consecuencia deixar a Galiza sen un sector estratéxico, en canto á toma de decisións e ao desenvolvemento económico e de emprego. Un sistema de xestión cos centros de decisión noutros territorios conduce a un descoñecemento da realidade económica, e mesmo física de Galiza, que se traduce inevitabelmente nunha redución da cantidade e calidade do servizo, nun atraso económico e tecnolóxico e na execución dunha política empresarial de concentración e centralización tanto do persoal como da estrutura organizativa. A consecuencia é o espolio dunha infraestrutura produtiva fundamental como é a das telecomunicacións e a perda e deterioro de postos de traballo.

As persoas que residen en Galicia, traballan e tributan neste territorio, o mesmo deben facer as empresas. O Goberno galego debe exercer a súa capacidade de presión para evitar a deslocalización de servizos de atención ao cliente. Ás compañías beneficiarias da explotación de recursos d servizos propios, deben contribuír ao retorno industrial de servizos e emprego.

O Goberno galego debe enviar un sinal claro e firme ás compañías que contratan coa Xunta ou xestionan concesións administrativas ou servizos públicos. Debe existir un retorno claro en Galicia, en forma de emprego no sector de servizos ou no sector industrial. Non son admisibles os procesos de deslocalización mentres @s galeg@s reciben cada vez peor servizo e no caso de atención @s clientes o



CSA XAMTF RRCZ

Verificación:

<https://secreta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:57:15
Nº Registro: 47357
Data envío: 06/03/2019 12:57:15.196

galego é relegado ou directamente excluído. A capacidade da Xunta como investidor, cliente ou como parte contratante, é innegable. Debe ser exercida con plenitude.

Ante esta situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1.- Que tipo de acción ou medida pensa realizar o goberno galego para que Bosch manteña a totalidade dos postos de traballo en Vigo?


2.- O Goberno galego, en tanto que autoridade laboral competente, vai realizar algunha xestión para garantir a protección efectiva dos dereitos laborais do plantel de Bosch perante esta situación?

3.- Ten previsto manter algunha actuación para determinar a súa situación e manter a súa actividade en Vigo?

4.- Vai solicitar a paralización do ERTE toda vez que o mesmo se levou a cabo sen as garantías que establece a lexislación, a empezar por facilitar a totalidade da información e afectación @s representantes d@s traballadores/as?

5.- Pensa desenvolver o goberno galego algún Plan concreto no sector dos centros de chamadas para garantir o mantemento en Galiza dos postos de traballo? Cal?

6.- Como valora a perda de dereitos lingüísticos d@s consumidores/as e usuari@s galeg@s que se está a producir coa deslocalización continua dos centros de chamadas?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:57:15
Nº Registro: 47357
Data envío: 06/03/2019 12:57:15.196

7.- Á vista dos numerosos problemas que se teñen producido en diversas empresas de telemarketing en Galiza, ten previsto realizar algún estudo para analizar a situación do sector así como as necesidades para garantir a súa viabilidade e o seu futuro?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2019 12:52:36

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2019 12:52:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/03/2019 12:52:42

CSA XAMZFIRI2
Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 12:57:15
Nº Registro: 47357
Data envío: 06/03/2019 12:57:15.196

Olalla Rodil Fernández na data 06/03/2019 12:52:43

Noa Presas Bergantiños na data 06/03/2019 12:52:44

Xosé Luis Bará Torres na data 06/03/2019 12:52:46

CSA XAMZFIRI2
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.04.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.4 47486(10/POC-007547)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos da sinistralidade laboral feminina en Galicia no ano 2018, así como o plan de traballo que está a desenvolver o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral ao respecto no ano 2019

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A saúde é un dereito básico tamén no traballo. Para iso é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e dos traballadores.

O Grupo Socialista vén denunciando reiteradamente que a evolución negativa da sinistralidade laboral está marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos laborais nas empresas, que inevitablemente están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e das traballadoras.

Este grupo ten solicitado en diversas iniciativas que se potencie a posta en marcha da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral, así como que se incremente o orzamento destinado a tal fin como mínimo ata os niveis de 2011, xa que a Xunta de Galicia vén reducindo os orzamentos dedicados a prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

Acabamos de coñecer os datos de sinistralidade laboral feminina feitos públicos pola Asociación de Mutuas de Accidentes de Traballo (AMAT), que nos di que Galicia é a sétima comunidade autónoma na que as traballadoras sofren máis accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Durante o ano 2018, 9.356 traballadoras cursaron parte de baixa por continxencias profesionais. Segundo a AMAT as mulleres sofren 1/3 dos accidentes e enfermidades profesionais.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos de sinistralidade laboral feminina de 2018 en Galicia?

2ª) Que plan de traballo está a desenvolver o ISSGA durante este ano 2019 para combater a sinistralidade laboral entre as mulleres en Galicia?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 17:59:35
Nº Rexistro: 47486
Data envío: 07/03/2019 17:59:35.187


Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/03/2019 17:58:25

Noela Blanco Rodríguez na data 07/03/2019 17:58:34

Julio Torrado Quintela na data 07/03/2019 17:58:40



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es